




Normas básicas de funcionamiento.

1° – 2° Educación Primaria
Curso 2020 21

CPI de San Vicente da Baña.

Seguindo o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID – 19 nos centros de ensino, imos establecer unhas normas básicas de funcionamento que debemos seguir tanto o persoal docente e non docente como o alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID – 19.



1. Detección precoz no alumnado

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán *unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria* a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Utilizarase a enquisa clínicoepidemiolóxica e debe realizarse antes da chegada ao centro.



No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa.


FEBRE

TOS SECA

DIFICULTADE PARA RESPIRAR

- O alumnado non acudirá ao centro.
- A familia informará ao centro do motivo da súa ausencia.
- A familia contactará telefónicamente co centro de saúde de referencia do alumno/a.
- Para xustificar a ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais/nais ou titor/es/as legais



1. Contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á menor brevidade posible.
 2. O/A alumno/a será illado nun espazo habilitado para tal fin mentres non se xestiona o seu traslado.
 3. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico.
 4. Se o pediatra ou facultativo non tivese consulta ese día, chamará ao PAC de referencia (Negreira), onde será avaliada a solicitude do test.
 5. Se tampouco fose posible contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.
- 

A pediatria do Concello atenderá as chamadas:

Centro de Saúde da Baña

→ **Martes e Xoves**

981 88 65 20


Centro de Saúde da Picota

→ **Luns, Mércores,
Venres**

981 83 40 46

De ser necesario chamar pola tarde hai que chamar
ao PAC de Negreira.

881 54 62 45



Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado que conviva con elas non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.

A persoa afectada ou a súa familia comunicará de inmediato o resultado á persoa coordinadora COVID do centro que é a directora.

▶ 881 867 004

▶ 6481 42087

2.- Escenario no caso de gromos

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun **único caso confirmado nunha aula** poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de **tres casos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou de ser o caso a totalidade do centro educativo completo.


En ámbolos dous casos a suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas para o ensino a distancia.

Finalizado o período de peche presencial da aula, o centro desenvolverá un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O modelo proposto pola Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade propón catro fases cunha duración aproximada dun mes.



Entrada no centro

O alumnado de Educación Primaria baixará dos autobuses diante da entrada do patio de primaria e dirixirase en orde , respectando as distancias de seguridade e as rutas trazadas nos corredores ata as súas aulas, onde lles esperarán os mestres/as que lles impartan clase na primeira sesión da mañá.



Aqueles alumnos ou alumnas que veñan en coche particular, deben ser acompañados á entrada do centro escolar pola persoa adulta responsable que os trae ao centro.

Aconséllase ás familias que procuren non coincidir na súa chegada coa do transporte escolar, para que a entrada ao centro sexa o máis gradual posible.

Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.



A clase de 1º está situada na planta de abaixo, fronte á aula de música e a de 2º de primaria é a mesma que a do ano pasado.


Para desprazarse polos pasillos farano sempre pola dereita, seguindo a ruta de entrada ou saída, con máscara e gardando a distancia de seguridade.

Nos accesos ao centro habilitaremos unha porta de entrada e outra de saída para evitar aglomeracións.

Nos corredores hai establecidos sentidos de entrada e de saída diferentes en ambas marxes do corredor que indican a circulación pola dereita de forma individual e respectando a distancia de seguridade.

Todo isto está sinalizado tanto no chan como nos paramentos.

Os primeiros días do curso adicaremos o tempo que sexa necesario a practicar a circulación polos corredores.



A aula

Tanto 1º como 2º de primaria forman grupos estables de convivencia, o que significa que poden socializar e xogar entre sí sen manter a distancia interpersonal de forma estrita.

Só interactuarán entre eles pero non con outros grupos do centro educativo.

En canto á distribución de espazos procurarase que a distancia de traballo entre o alumnado sexa o máis ampla posible, tendo en conta as súas idades e a metodoloxía de traballo.

Formaranse grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro alumnos.

Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo.



Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarse o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección.

Espazos compartidos: Inglés, Música, Educación Física

Ao tratarse de espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións realizarase unha **ventilación de 15 minutos e desinfección do material compartido** ao remate de cada sesión.

Cada vez que un grupo cambie de aula, farao en ringleira de un, respectando a distancia de seguridade de 1,5 m, seguindo a ruta deseñada para cada grupo e transitando pola parte dereita do corredor.

O profesorado de música, inglés e EF irán a buscar ao alumnado á súa propia aula ou ben darán a clase na aula da titoría



Ventilación e desinfección despois de cada sesión de clase

MATERIAL

Non está permitido compartir material, polo que cada neno/a deberá traer á clase o material que necesite marcado co seu nome.



A concienciación de que non poden compartir e polo tanto deben separar os materiais adquirírase nas primeiras semanas de curso, de xeito lúdico.

Cada alumno e alumna disporá dun espazo propio e individual para colocar o seu material(libros, libretas, estoxos). Estes espazos estarán sinalizados cos seus nomes para evitar que se confundan e manipulen o material doutro compañeiro.

Educación física

Sempre que o tempo o permita a actividade física realizarase no exterior.

Evitarase, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene e desinfección para o seu uso continuado por parte dos participantes.



Recreos




Tanto 1º como 2º de primaria terán un espazo reservado para eles dentro do patio de primaria para facer o recreo exterior, no cal só poderán interactuar cos compañeiros/as do seu grupo, sen gardar a distancia interpersonal pero sí usando máscara.

Sempre que o tempo o permita os recreos serán exteriores

Nos días de chuvia farán o recreo nunha zona delimitada para cada grupo dentro do patio de columnas. Igual que no caso anterior só se relacionarán cos compañeiros/as do grupo e utilizarán máscara.

Cada grupo será acompañado a súa zona de recreo polo mestre/a que estea con eles na clase na terceira hora e unha vez alí quedarán baixo a custodia da persoa encargada da vixilancia do seu espazo.

Neste curso imos reforzar as gardas de recreo pasando de 2 docentes para Educación Primaria (un cada 50 alumnos/as) a 6, para que cada curso estea acompañado dun mestre/a.



Non poderán traer xoguetes, xogos nin outros obxectos persoais xa que non está permitido compartir material.

Biblioteca

Para evitar a convivencia entre alumnado de diferentes grupos, niveis e etapas, a biblioteca escolar deixará de ser empregada como espazo de lecer durante os recreos.

Nese tempo, as persoas responsables de biblioteca atenderán o servizo de préstamo e devolución de xeito individual pero sen que o alumnado poda permanecer na mesma salvo por causa xustificada.




A biblioteca poderá ser empregada en horas de clase, como espazo de traballo, lectura e procura de información por todos os grupos de alumnado que o soliciten, acompañados dos seus profesores e profesoras e establecendo un horario de uso semanal que permita a súa organización.

O aforo máximo é de 25 persoas

As biblioteca, coma todos os espazos compartidos do centro, contará coa dotación hixiénica sanitaria de todas as aulas do centro e o alumnado deberá realizar a hixiene de mans antes e despois de cada sesión de traballo na mesma.

As persoas responsables de biblioteca realizarán durante as primeiras semanas de curso sesións de formación co alumnado para a aprendizaxe das normas de manipulación de libros e servizo de préstamo.



Uso de baños


O alumnado empregará os aseos da planta e zona correspondente á súa aula.

O profesorado de garda ocupárase de comprobar nos corredores que se respecta o aforo e as normas de uso dos aseos.

Dado que as labores de limpeza e desinfección son prioritarias, aqueles aseos que estean sendo desinfectados non poderán ser empregados ata que remate a súa limpeza.



Todos os aseos contan con xabón de mans e panos desbotables así como con cartaces informativos sobre o correcto lavado de mans.




A limitación de aforo para os aseos será de 1 usuario e para controlalo haberá un semáforo no exterior que indicará se o aseo está libre ou non e bandas horizontais para marcar o punto de espera.

MÁSCARAS

É obrigatorio o uso da máscara en todo momento e só a poderán quitar para beber e comer.

Todo o alumnado debe traer a súa propia máscara e unha de reposto (roturas, perdas, contaminacións)



Deberán traer unha bolsiña de tea ou papel para gardar a máscara cando a retiren para merendar ou comer.


MATERIAL DE PROTECCIÓN

As clases serán ventiladas polas titoras ao inicio de cada xornada, en cambios de clase, recreos etc.

Nas aulas contaremos cun bote de líquido desinfectante de superficies para desinfectar mesas, cadeiras, xoguetes etc.

Os baños, pomos das portas, pasamáns e outros elementos de uso común serán desinfectados polo servizo de limpeza duas veces pola mañá e unha pola tarde.


Logo de cada limpeza os materiais usados desbotaranse de xeito seguro, procedendo a continuación á hixiene de mans.



O alumnado non debe manipular persianas, fiestras, pomos de portas, mandos de luz, ordenador do profesor, etc, sendo os mestres/as os encargados destas funcións.



Cada alumno e alumna debe traer unha caixa de panos de papel para o seu uso particular, que terán sempre debaixo do pupitre para poder usalos cando o necesiten. Cando vaian á clase dos especialistas poden levar a caixa con eles volvendo a traela de volta.



Ventilaremos frecuentemente as instalacións, por espazo polo menos de 5 minutos ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases.

Cando as condicións metereolóxicas o permitan manteremos as xanelas abertas o maior tempo posible para subministrarlle aire fresco.

Nos días de frío é aconsellable que traian roupa de abrigo pois a clase vaise ventilar varias veces.

Priorizaremos as actividades ao exterior (recreos, educación física...)

Hixiene de mans

A hixiene de mans é moi importante e necesaria sobre todo:

- Despois de tusir, esbirrar ou usar os panos.
- Despois de ir ao baño.
- Antes de merendar e comer.
- Sempre que sexa necesario.

Todas as aulas dispoñen dun bote de xel hidroalcohólico.



De igual forma os baños (que serán desinfectados 3 veces durante a xornada polo servizo de limpeza) teñen instalado un dispensador de xabón e de panos desbotables.

Medidas específicas para alumnado de NEE


Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de que sexa preciso traballar sen máscaras (sesións de AL) optaremos polo uso de pantallas e/ou mamparas de protección.

O profesorado que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidaremos que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e aseguraremos a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

Deseñaranse e desenvolveranse plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados pola suspensión da actividade lectiva presencial no curso 2019/2020, incluíndo neles as medidas de atención a diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.



Reunións de titoría



As titorías coas familias (16:30 – 17:30) levaranse a cabo baixo dúas modalidades:

- Telemática (opción preferente), a través da plataforma que oferte a consellería no curso 20/21 ou por teléfono.
- Presencial: Só naqueles casos nos que a atención telemática non sexa posible ou as circunstancias esixan un encontro presencial. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente ou na aula da especialidade, previa cita e garantido as medidas de hixiene, desinfección e a distancia social.

- Todos os asistentes á titoría levarán máscara , farán a pertinente desinfección de mans no acceso ás aulas e manterán o distanciamento regulamentario
- En ámbolos casos, será obrigatoria a cita previa: abalarmóbil, axenda do alumnado, teléfono, etc

Comunicación coas familias.

Para a publicación de información de interese:

- Web do centro
- Páxina de Facebook con CPI de San Vicente
- Canle de difusión pública en Telegram, na que se publicará a mesma información que se publique na web do centro ou a páxina de Facebook.

Para a comunicación directa coas familias:

- Correo electrónico
- Mensaxería Abalar móbil
- Teléfono

É moi importante que todas as familias descarguen a aplicación **Abalar Móbil** para reducir na medida do posible, as comunicacións con sistemas de mensaxería menos seguros.




Correos electrónicos das mestras/mestres que están en contacto cas aulas de 1º e 2º de primaria.º

iriagutierrez@edu.xunta.es ,	Titora de 1º Primaria
ricardovillar@edu.xunta.es	Titor de 2º primaria
srvarela@edu.xunta.gal	Especialista relixión
ibchoren@edu.xunta.gal	Especialista inglés
roisixto@edu.xunta.gal	Especialista de EF
amalianunez@edu.xunta.es	Especialista PT
cpi.san.vicente@edu.xunta.gal	Correo do centro.
Carina.brantuas.villaverde@edu.xunta.gal	Especialista de AL.

Comedor escolar.

Cando remate a xornada lectiva os nenos e nenas usuarias de comedor serán conducidos/as ao mesmo pola titora que llos entregará ao persoal encargado de comedor.

Dentro do comedor terán un espazo fixo, reservado para eles, onde comerán cos nenos e nenas do seu grupo clase, sen mesturarse co resto do alumnado do colexio.



Para facer posible o servizo de comedor para todo o alumnado de infantil, primaria e secundaria (mércores) gardando as distancias de seguridade foi necesario habilitar un segundo espazo de comedor e modificar levemente o horario coa autorización da inspección educativa.

HORARIO DE INFANTIL E PRIMARIA 2020 - 21	
1ª Sesión	9:15 – 10:00
2ª Sesión	10:00 – 10:45
3ª sesión	10:45 – 11:30
RECREO	11:30 – 12 :00
Hora de ler	12:00 – 12:20
4ª sesión	12:20 – 13:10
5ª sesión	13:10 – 14:00
1ª Quenda de comedor	14:00 – 14:30
Limpeza e desinfección	14:30 – 14:50
2ª quenda de comedor	14:50 – 15:20
Tempo de lecer	15:20 – 15:30
Saída do transporte	15:30


O alumnado de 1º e 2º de primaria comerá na 1ª quenda e a continuación disfrutarán dun tempo de lecer acompañados/as polos/as coidadores/as de comedor nas mesmas zonas establecidas para os recreos ata que chegue o momento de coller o transporte.

Nese momento será acompañado ao autobús escolar polo profesorado de garda de transporte e as persoas coidadoras de autobús, por orde e de xeito escalonado comezando por infantil.

Alumnado non usuario de comedor

O alumnado que non utiliza o servizo de comedor será recollido ás 14:15 no patio cuberto de primaria polos seus pais/nais ou acompañantes.


Ao igual que profesorado e alumnado, os familiares están obrigados a usar máscara, non formarán grupos no patio sen manter as distancias e non poderán entrar no colexio a non ser por causa xustificada.




Realización de eventos.

Debido á situación sanitaria derivada da pandemia no curso 2020-2021 **non se realizarán actividades complementarias que impliquen a reunión e convivencia de todo o alumnado do centro.** Deste xeito, salvo mellora da situación, non se celebrarán festivais colectivos de Nadal, Magosto, Entroido ou Fin de Curso.

As conmemoracións preceptivas recollidas na *ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* celebraranse de xeito diferente, segundo programen e planifiquen os diferentes equipos e respectando sempre as seguintes premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, e en ningún caso mesturando alumnado de grupos de convivencia estable co resto do alumnado.
 - Desenvolver as actividades ao aire libre sempre que o tempo o permita.
 - Cumprir de xeito rigoroso coas labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
 - Empregar medios telemáticos sempre que sexa posible.
 - Respectar as limitacións de aforo e as normas de hixiene, distancia e ventilación naqueles actos culturais que se desenvolvan no centro escolar.
- 

Limitar as saídas didácticas



- Poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos, salas e transporte.

Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo estas circunstancias una boa oportunidade para coñecer e por en valor os recursos e o patrimonio cultural e natural do noso concello.

**Actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao
servizo de comedor.**

Tanto a ANPA como o concello están programando actividades extraescolares cun protocolo específico.

Programa madrugadores.



O programa de madrugadores continuará a funcionar, organizado polo concello da Baña, en horario de 07:30–09:15.

O espazo designado para o mesmo segue a ser o comedor escolar e as medidas de hixiene, distancia social e desinfección serán as mesmas establecidas para o comedor.

Entre as 09:00 e as 09:15 o alumnado usuario de madrugadores será acompañado á porta de infantil polos coidadores/as.

MEDIDAS XERAIS PARA O CURSO 2020 - 21

Durante a primeira semana do curso escolar realizaremos a avaliación inicial para identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. Así mesmo tamén nos servirá para a detección das posibles aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no 3º trimestre do curso 2019/2020.

A partir dos resultados da mesma e do análise das Memorias finais e dos informes individualizados do alumnado elaborados ao final do curso 2019/2020 o profesorado organizara plans de recuperación e reforzo, coa colaboración do departamento de orientación, para aquel alumnado que presente algunha necesidade educativa e/ou emocional.

Que sucede se se interrompe a actividade lectiva presencial?

No caso de que se suspenda a actividade lectiva presencial aplicaremos inmediatamente o ensino non presencial a través de:

- Foros (para que os nenos e nenas se podan ver e falar e manter a comunicación coas familias).
- Fotocopias de fichas etc.
- Os titores poñeráse en contacto para establecer a canle de comunicación e os procedimentos a seguir no ensino non presencial.

